



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VAL DO DUBRA

Convocatoria e bases específicas para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos Concellos da provincia (PEL Concellos 2026)

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de marzo de 2026 aprobáronse as bases específicas que regulan a convocatoria para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais no Concello de Val do Dubra.

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PEL CONCELLOS 2026).

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto destas bases regular o proceso selectivo para a **contratación laboral temporal de tres (3) peóns de obras públicas**, co fin de executar obras e servizos municipais no marco do programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña para a contratación de persoal nos concellos da provincia.

As contratacións realizaranse ao abeiro do **Programa PEL-Concellos 2026 da Deputación da Coruña**, destinado ao financiamento da contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais.

SEGUNDA. Características das prazas

A modalidade da contratación será de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, co código 505 ao ser a contratación a tempo parcial (31 horas semanais), previsto no Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, ademais da normativa especificada nas Bases específicas do Programa Pel-Concellos 2026, publicadas no BOP nº 197, do 15.10.2025.

A duración do contrato será de 6,5 meses e, en todo caso, ata como máximo o 31.12.2026, e coas retribucións fixadas para o grupo C3/AP no anexo do convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Val do Dubra (BOP núm. 221, do 15.11.2024) coas actualizacións legalmente establecidas; os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba.

Polas funcións a realizar, non se precisa estar en posesión de ningunha titulación.

Salario Bruto: 1.148,89 €

Centro de traballo: dependencias e espazos públicos do concello.

Funcións principais:

- Mantemento de vías e espazos públicos
- Limpeza de zonas municipais
- Pequenas reparacións en infraestruturas municipais
- Apoio á brigada municipal de obras
- Labores de limpeza e roza
- Outras tarefas análogas que se lles encomenden

O sistema selectivo elixido é o de concurso-oposición.

TERCEIRA. Requisitos das persoas aspirantes

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ter a nacionalidade española ou de calquera dos Estados membros da Unión Europea, ser cónxuxe de calquera dos anteriores sempre que non estea separado de dereito, ser descendente de calquera deles sempre que sexa menor de vinte e un anos ou maior da dita idade pero dependentes, ou ter calquera outra nacionalidade á que lle sexan aplicables tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sobre libre circulación de traballadores. Os

estranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Ter cumpridos os 16 anos da idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificado mediante informe médico.

d) Non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

e) As persoas a contratar deberán estar inscritos no Servizo Público de Emprego e estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo ou na data da convocatoria, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral, segundo se recolle nos apartados 3.2.-Requisitos do persoal a contratar das bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia, anualidade 2026, publicadas no BOP nº 197, do 15.10.2025:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Menores de 30 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Estes requisitos establecidos serán exixibles así mesmo, dende o nomeamento ata o cese.

f) Estar en posesión do título Celga 1 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 8.

As situacións de exclusión laboral, acreditaranse cos documentos oficiais que testemuñen a dita situación como a continuación se detalla:

- Mulleres, persoas maiores de 45 anos e menores de 30 anos: Fotocopia DNI.
- Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego): Informe de vida laboral actualizado.
- Persoas con discapacidade: Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.
- Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero: Informe dos servizos sociais municipais.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

CUARTA Publicidade da convocatoria

A convocatoria publicárase:

- No *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP)
- No taboleiro de anuncios do concello
- Na sede electrónica municipal

QUINTA Presentación de solicitudes

Prazo: 10 días naturais contados dende o día seguinte á publicación no BOP

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello; Sede electrónica municipal; calquera dos medios previstos na Lei 39/2015.

Documentación a achegar:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do título acreditativo dos coñecementos de galego
- Fotocopia do xustificante de ser demandante de emprego
- Documento que acredita concorrencia dos requisitos de participación, establecidos na BASE TERCEIRA e)
- Documentación acreditativa de ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (Obradoiros de Emprego, AFD e Programas experimentais de emprego)
- Fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos a valorar na fase de concurso. Cursos Formación.
- Informe médico

SEXTA Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase:

Listaxe provisional de admitidos e excluídos

1. Prazo de **3 días hábiles** para emenda de erros
2. Lista definitiva e convocatoria da proba

SÉTIMA Tribunal cualificador

- Presidente/a: Un/ha empregado/a público a designar pola Alcaldía
- Vogais: Tres empregados/as públicos a designar pola Alcaldía
- Secretario/a: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do presidente/a e do/a secretario/a ou, no seu caso, dos seus/súas suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que estime pertinentes e estes limitaranse unicamente ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos pagamentos.

OITAVA Sistema de selección

O procedemento selectivo será de **concurso-oposición**, podendo os/as aspirantes acadar ata un máximo de 10 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación.

Fase de Concurso: Máximo 2 puntos.

A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. Os méritos a valorar serán os seguintes:

Formación:

Valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (Obradoiros de Emprego, AFD e Programas experimentais de emprego). **Máximo 0,5 puntos.**

Obradoiro de Emprego: 0,5 puntos.

AFD: 0,5 puntos.

Programas experimentais de emprego: 0,5 puntos.

Cursos:

Cursos de máis de 100 h: 1 punto.

Cursos de 50 a 100 h: 0,75 puntos.

Cursos de 16 a 49 h: 0,25 puntos.

A puntuación máxima a outorgar polo concepto formación será de **1,5 puntos.**

Fase de Oposición: Máximo 8 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dun primeiro e único exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba teórica-práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver, que estarán relacionadas coas tarefas que o posto require, limpeza de beirarrúas e prazas públicas por medios manuais, pequenas obras de reparación, conservación e mantemento de edificios, labores de limpeza e roza utilizando ferramentas propias da tarefa por exemplo rozadoiras, motoserra, equipo de protección individual, etc. entre outras propias do posto.

O exercicio puntuarase de 0 a 8 puntos. Para superar a dita proba será preciso acadar como **mínimo 4 puntos.**

Coñecemento da lingua galega.

Os/as aspirantes que non acrediten a posesión da titulación de galego Celga 1 participarán nunha proba eliminatoria, destinada a avaliar un grao de coñecemento do galego equivalente ao conseguido coa obtención do Celga 1.

Estará exento/a desta proba quen acredite estar en posesión do Celga 1, expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou do seu equivalente.

Para a corrección desta proba designarase un funcionario/a do servizo de normalización lingüística do Concello de Val do Dubra, que actuará como experto/a.

A valoración desta proba será de "APTO" ou "NON APTO."

NOVENA Cualificación final

Aos aspirantes que superen a fase de oposición aplicaráselles a puntuación obtida na fase de concurso.

A puntuación final será aquela obtida de aplicar a porcentaxe establecida para a fase de oposición máis a porcentaxe establecida para a fase de concurso.

En caso de empate terase en conta:

- Maior puntuación na fase de oposición.
- Aspirantes que leven máis tempo coma desempregados.
- De persistir o empate, sorteo entre os candidatos que obtiveran igual puntuación.

DÉCIMA Proposta de contratación

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de nomeamento e a listaxe de reserva de contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de que podan ser contratadas.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra. Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes polo tribunal e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aprobará a listaxe definitiva de contratación, así como a listaxe das persoas candidatas non contratadas, constituíndose unha listaxe

para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas, que estará vixente ao longo do período de duración do programa.

Esta resolución será publicada no taboleiro electrónico do concello e na páxina web municipal e substituirá ás notificacións individuais ás persoas interesadas, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015.

UNDÉCIMA Presentación de documentación

As persoas propostas presentarán, no Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra, no prazo de 2 días hábiles contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, que non poderá superar o número de postos convocados, os seguintes documentos:

- Informe médico oficial actualizado, polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
- Declaración responsable de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- Declaración responsable de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na legislación sobre a materia.
- Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.

A non presentación, dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base, da documentación antes referida, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante e, xa que logo, á nulidade dos actos do tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo a orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados, todo iso como consecuencia da citada anulación.

DUODÉCIMA Incidencias

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. alcalde-presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico de empregado público.

Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra con sede na Rúa Arcai, onde se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou listaxe de espera. Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei.

ANEXO I – MODELO DE SOLICITUDED./D^a _____

DNI _____

Enderezo _____

Teléfono _____

Correo electrónico _____

EXPÓN

Que tendo coñecemento da convocatoria para a contratación de tres peóns ao abeiro do programa PEL-Concellos 2026 no Concello de Val do Dubra

SOLICITA:

Ser admitido/a no proceso selectivo.

Declara baixo a súa responsabilidade:

- Que cumpre todos os requisitos esixidos nas bases.
- Que son certos os datos consignados na presente solicitude.

Documentación que se achega.

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do título de Celga 1.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- Documentación acreditativa de cumprir con algunha das situacións recollidas deseguido, risque a que corresponda (base 5. e):
 - Risque Situación de exclusión laboral.
 - o Mulleres, persoas maiores de 45 anos: Fotocopia DNI.
 - o Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego): Informe de vida laboral actualizado.
 - o Persoas con discapacidade: Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.
 - o Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero: Informe dos servizos sociais municipais.
- Acredita estar en posesión dalgún curso ou programa de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (Obradoiros de Emprego, AFD e Programas experimentais de emprego).

_____, ____ de _____ de 2026

Sinatura

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

ANEXO II

PROGRAMA DE ACCESO AOS POSTOS DE PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS.

TEMARIO XERAL

Tema 1. O Concello de Val do Dubra. Poboación e territorio: parroquias e aldeas, vías de comunicación.

Tema 2. O Concello de Val do Dubra. Organización.

TEMARIO ESPECÍFICO POSTO PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS:

Tema 1. Nocións básicas para o desenvolvemento do posto de peón de obras e servizos.

Tema 2. Prevención de riscos laborais no posto de peón de obras e servizos.

Val do Dubra, 27 de marzo de 2026

O alcalde

Diego Luis Díaz Méndez

2026/1885